

**Addenda ao Convenio de colaboración para a realización dun anecdotario e unha serie de programas de televisión sobre vivencias e experiencias relatadas por exparlamentarias e exparlamentarios do Parlamento de Galicia**

**REUNIDOS**



O Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia,




D. Jesús María Fernández Rosende, presidente da Asociación de Exparlamentarias e Exparlamentarios do Parlamento de Galicia, constituída o 21 de xaneiro de 2010, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2010/014278-1 (SC), e actuando ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 10 dos Estatutos da Asociación,



D. Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, que actúa ao abeiro dos artigos 10 e 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Todas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar a presente ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

**EXPOÑEN**



**Primeiro.** O 15 de xullo de 2016 formalizouse no Pazo do Parlamento de Galicia un Convenio de colaboración entre o Parlamento, a Asociación de Exparlamentarias e Exparlamentarios e Corporación Radio e Televisión de Galicia, para a realización dun anecdotario e unha serie de programas de televisión sobre vivencias e experiencias relatadas por exparlamentarias e exparlamentarios do Parlamento de Galicia.

Pronto se iniciaron os traballos con entrevistas a exparlamentarios, constatándose hoxe que se realizaron máis das inicialmente previstas. Ademais, delas se revelan unha gran cantidade de vivencias persoais ata agora descoñecidas que poñen de manifesto feitos históricos de grande relevancia pública.



Os testemuños recollidos teñen máis amplitude e transcendencia da inicialmente esperada e deles se manifesta un achegamento á historia do parlamentarismo e da política de Galicia de maior profundidade da orixinariamente prevista, que transcende un mero anecdotario, e permite extraer información de indubidable valor histórico.




**Segundo.** A data prevista de finalización do Convenio, pola completa realización dos traballos e obrigas del derivados, é o 14 de xaneiro de 2018.



**Terceiro.** Consideran as tres partes asinantes do Convenio que o afondamento nestes testemuños de valor histórico é de evidente interese público, polo que é imprescindible ampliar os prazos previstos para a súa completa realización.

Para este fin, as partes ACORDAN:



**PRIMEIRO.** Subscribir a presente addenda de modificación do convenio de colaboración vixente, asinado o 15 de xullo de 2016, para ampliar a súa vixencia.

**SEGUNDO.** Na presente addenda as estipulacións quinta e sexta e sétima do convenio inicial queda redactadas como segue:



### **Quinta . Financiamento**

A Corporación Radio e Televisión de Galicia asumirá, con cargo ao seu orzamento o custo da produción (incluíndo os custos de locomoción que poidan orixinarse polo necesario desprazamento que deban realizar os exparlamentarios), realización, emisión e promoción dos programas. O importe máximo das obrigas asumidas pola Corporación Radio e Televisión de Galicia non poderá superar os 62.300 euros.

O Parlamento asumirá, con cargo ao seu orzamento, o custo do traballo intelectual de elaboración e redacción do libro, que se estima nun máximo de 4.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B.227.06, e a posterior edición, maquetación, deseño, impresión e distribución do libro con cargo ao exercicio 2019, condicionado á existencia de crédito na partida correspondente.

### **Sexta. Duración**

Este Convenio de colaboración estará vixente durante o tempo necesario para a produción e realización dos programas, así como para a elaboración e redacción do libro, que en todo caso non poderá estenderse máis de 36 meses dende a data da súa sinatura.

### **Sétima. Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por 7 representante/s das partes asinantes. Estes representantes serán Carlos Carballo Varela, subdirector de Medios da CRTVG; Xose Manuel Diaz Maseda, xefe de redacción da CRTVG; Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado-oficial Maior do Parlamento de Galicia; Carolina Costoya Pardo, directora de Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia; e Jesús M<sup>a</sup> Fernández Rosende, Ismael Rego González e Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, en representación da Asociación de Exparlamentarios do Parlamento de Galicia.

Esta comisión coordinará o desenvolvemento do proxecto e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución; poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.


**TERCEIRO.** Polo tanto, a duración do Convenio e o prazo para o remate dos traballos del derivados, estenderanse ata o 14 de xullo de 2019.

**CUARTO.** O resto do clausulado do Convenio seguen inalterables e vixentes.


En proba de conformidade asínase a presente Addenda ao Convenio por cuadruplicado en Santiago de Compostela o 12 de xaneiro de 2018.



**Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira,**  
presidente do Parlamento de Galicia.



**D. Jesús María Fernández Rosende,**  
presidente da Asociación de Exparlamentarias e Exparlamentarios do  
Parlamento de Galicia.



**D. Alfonso Sánchez Izquierdo,**  
director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia.